



Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)  
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

## **DECRETO DA ALCALDIA**

En cumprimento do deber da administración tributaria de poñer a disposición dos contribuíntes a información necesaria para cumprir coas obrigas tributarias e fiscais, recollida no artigo 34 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e unha vez vistos o artigo 62.3 da mesma lei e o artigo 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación; procede fixar con antelación suficiente os prazos de pagamento do período voluntario de cobranza para os tributos de cobro periódico e de notificación colectiva sobre os que o Concello ten competencias de xestión e recadación.

Polo anterior, e en virtude das atribucións a esta Alcaldía atribuídas polo artigo 21.1.s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, pola presente **RESOLVO:**

Primeiro.- Aprobar o Calendario do contribuínte para o exercicio 2022 que a continuación se sinala:

### IMPOSTOS

VOLUNTARIA	CONCEPTO	PERÍODO VOLUNTARIO DE COBRO	DÍA PREVISTO CARGO DOMICILIACIÓN
2	IVTM 2022	Venres 11/03/2022 - Venres 20/05/2022	Luns 04/04/2022
3	IBI URBANA 2022	Xoves 23/06/2022 - mércores 31/08/2022	Luns 01/08/2022
3	IBI RÚSTICA 2022	Xoves 23/06/2022 - mércores 31/08/2022	Luns 01/08/2022
4	IAE 2022	Venres 16/09/2022 - Venres 18/11/2022	Martes 01/11/2022

### TAXAS

VOLUNTARIA	CONCEPTO	PERÍODO VOLUNTARIO DE COBRO	DÍA PREVISTO CARGO DOMICILIACIONES
1	MERCADOS E MERCADIÑO 4º TRIM 2021	Luns 03/01/2022 - Venres 04/03/2022	Luns 07/02/2022
2	MERCADOS E MERCADIÑO 1º TRIM 2022	Venres 11/03/2022 - Venres 20/05/2022	Luns 04/04/2022
3	MERCADOS E MERCADIÑO 2º TRIM 2022	Xoves 23/06/2022 - mércores 31/08/2022	Luns 01/08/2022
4	MERCADOS E MERCADIÑO 3º TRIM 2022	Venres 16/09/2022 - Venres 18/11/2022	Martes 01/11/2022
4	OCUPACIÓN E VADOS 2022	Venres 16/09/2022 - Venres 18/11/2022	Martes 01/11/2022
5 (Voluntaria 1/2023)	MERCADOS E MERCADIÑO 4º TRIM 2022	Luns 02/01/2023 - Venres 03/03/2023	Luns 06/02/2023





Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)  
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

Segundo.- Ordenar a súa publicación no B.O.P. así coma no taboleiro de edictos do Concello de Bueu para a súa difusión e xeral coñecemento, sendo susceptible o mesmo de impugnación na vía contencioso-administrativa por quen es sexan titulares de dereitos ou intereses lexítimos, sen que a interposición do recurso interrompa a súa aplicación.

Terceiro.- Resérvase a esta Alcaldía-Presidencia a facultade de modificar o presente calendario cando motivos de índole técnica, debidamente xustificadas, impidan a xestión dos recursos económicos indicados nas datas sinaladas, informando de tal circunstancia aos cidadáns coa suficiente antelación.

*(ASINADO DIXITALMENTE AO MARXE)*



Cod. Validación: 7E3DQ5JX3C5NTSGZBJTJ3WNG | Corrección: <https://bueu.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2